

A DESCRICIÓN 1

Responde ás preguntas e faimas chegar a anabelenfernandezmelon@edu.xunta.es ou por wassap ao 605563364.

1. Que é describir? Moi fácil, **describir é explicar como é unha cousa, persoa, animal, paisaxe...** Todo o que existe pode ser descrito.
2. Para poder describir, necesitamos dous tipos de palabras esenciais: **substantivos e adxectivos**. Os substantivos **nomean** o que se describe e as súas diferentes partes, e os adxectivos **engaden as características**. Por exemplo, podo describirme dicindo que son **unha profesora (substantivo) morena, baixa e delgada (adxectivos)**.
3. Le con atención a descrición dun burro chamado Platero, no libro Platero e mais eu, de Juan Ramón Jiménez:



“Platero é pequeno, peludo, suave; tan dondo por fóra, que se diría de algodón todo el, que non leva ósos. Só os espellos de acibeche dos seus ollos son duros tal que dous escaravellos de cristal preto.

Déixoo ceibe, e vai ao prado, e acariña mansamente, co seu fociño, rozándoas tenramente, as floriñas rosas, celestes e amarelas... Chámoo docemente: Platero!, e vén onda min, cun trotiño ledado que semella que se ri, cun arouxeo ideal...”

4. Subliña con rotulador vermello todos os substantivos do texto, e con rotulador verde os adxectivos. Se che fai falta, para identificalos podes repasar nas páxinas 50 e 72 do libro de texto.
5. O autor describe todas as partes do animal con pormenor? Que partes describe? Por que describe só esas? Di algunha cousa do seu comportamento? Que di?

6. Agora le atentamente os substantivos que nomean as diversas partes dun cabalo:

NOMES DAS DISTINTAS PARTES DO CORPO DO CABALO



7. É ben bonito, non si? Agora xa tes os substantivos cos que poder nomear as diferentes partes do corpo dun cabalo.
8. Só necesitamos unha cousa máis para poder describir: verbos! É moi frecuente utilizar verbos como **ser** (é un cabalo branco), **estar** (está correndo pola praia), **ter** (ten as crinas e o rabo agrisados), **parecer** (parece ben coidado).
9. Esta poldra das fotos chámase Gaia, e naceu o 1 de maio deste ano en Fornelos de Montes. É a nova poldra da miña amiga Cristina, que ten unha granxa chea de animais interesantes:



10. Observa atentamente o animal. Quero que o describas en 10 liñas. Esolle as partes do seu corpo que che parecen máis interesantes e explica como son cos adxectivos que precisas. Ademais, na segunda foto temos pistas de como é “por dentro” esta poldriña. Será mansa, será fera? Ti que opinas?